



## CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



### ACTA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE 2019

#### SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JOSÉ MANUEL GONZÁLEZ COUTO
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ

SECRETARIO: D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte e cinco de xuño de dous mil dezanove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión CONSTITUTIVA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

#### ORDE DO DÍA

##### **1º.- Constitución da Xunta de Goberno Local.**

En función do establecido no artigo 35.2 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (BOE núm. 305/86, do 22 de decembro) e previo nomeamento por decreto núm. 328/19, de data dezanove de xuño, dos membros compoñentes da mesma, e coa asistencia de todos eles, dáse por constituída a Xunta de Goberno Local.

##### **2º.- Réxime das sesións.**

A Xunta de Goberno acorda establecer dúas sesións ao mes, a celebrar os martes.

Conclúe ao fío das vinte horas e corenta e cinco minutos.